# 4.1

# sector primario e industrias relacionadas

Este capítulo adicarase ó estudio das actividades agrupadas baixo o epígrafe de sector primario e industrias relacionadas, que englobaría ós subsectores agro-gandeiros, mar-industria e silvicultura-madeira. Tras unha aproximación xeral ó sector primario, onde analizamos as variables relacionadas co emprego, o peso do sector na economía galega e estatal, e as variables empresariais, se analizan os tres subsectores mencionados por separado. Este estudio subdividirase nunha primeira parte adicada á situación estructural do subsector considerado e outra parte adicada ó sector industrial propiamente dito.

O estudio do sector primario partirá da información facilitada pola EPA, os Presupostos Xerais da Xunta, o "Anuario de estatística agraria 1998" da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, o Directorio de Agroindustria galega, os Consellos reguladores das denominacións de orixe e mailo Ardán.

A **importancia do sector primario** para Galicia dedúcese do **cadro 1.1.5.** (*VEB das comunidades autónomas 1999*), onde se aprecia que, segundo os datos Funcas, o sector primario representa o 8,9% do VEB a custo de factores de Galicia. Como se pode apreciar, esta porcentaxe é bastante superior á media estatal (4,6%), sendo a sexta comunidade co maior peso deste sector nas súas respectivas economías, por detrás de A Rioxa, Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura e Andalucía.

Unha das características fundamentais da evolución do sector primario en Galicia é o continuo **descenso do peso da poboación ocupada**. En 1999, a poboación ocupada no sector primario representou o 18,4% da poboación ocupada galega (173 miles de persoas) fronte ó 19,8% (181,8 miles de ocupados) do ano anterior. Non obstante, ó igual que no ano 1998, 1999 presentou só un descenso da poboación ocupada na agricultura e na gandería, xa que a pesca experimenta unha mellora

CADRO 4.1.1.

***Poboación ocupada na agricultura e na pesca 1998-99: distribución por sexo e grupos de idade***

*(en miles de persoas)*

| | Total | | Homes | | Mulleres | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1998** | **1999** | **1998** | **1999** | **1998** | **1999** |
| **16 - 24 anos** | 12,3 | 10,3 | 8,6 | 6,9 | 3,7 | 3,4 |
| **25 - 54 anos** | 109,5 | 112,9 | 59,0 | 61,7 | 50,5 | 51,2 |
| **55 e máis anos** | 60,0 | 49,9 | 24,3 | 19,1 | 35,7 | 30,8 |
| **Total** | **181,8** | **173,0** | **91,9** | **87,7** | **89,9** | **85,4** |

Fonte: *IGE*

CADRO 4.1.2.

***Sector primario 1998: actividades que comprende o grupo***

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Complexo mar-industria** | 737 | 558.572,36 | 83.737,01 | 25.227,91 | 386.749,68 | 26 |
| **Complexo agro-gandeiro** | 1.167 | 819.072,38 | 79.535,91 | 9.699,72 | 325.407,70 | 18 |
| **Complexo silvicultura-madeira** | 715 | 282.700,86 | 60.589,99 | 21.280,91 | 213.105,85 | 19 |
| **Total** | **2.619** | **1.660.345,60** | **223.862,91** | **56.208,54** | **925.263,23** | **21** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **23,58%** | **29,87%** | **20,83%** | **19,24%** | **23,19%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.1.3.

***Sector primario 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB***

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **Vigo** | 35.082,58 | 35.859,85 | 2,2 |
| **A Coruña** | 19.844,82 | 21.401,38 | 7,8 |
| **Santiago** | 14.605,58 | 15.446,99 | 5,8 |
| **Redondela** | 8.228,65 | 7.819,03 | -5,0 |
| **Carballo** | 5.631,25 | 6.654,40 | 18,2 |
| **Ribeira** | 5.323,28 | 6.257,46 | 17,5 |
| **O Porriño** | 5.756,79 | 6.002,67 | 4,3 |
| **Cangas** | 5.011,54 | 5.314,31 | 6,0 |

Fonte: *Ardán*

en termos de poboación ocupada neste subsector.

Como se pode apreciar no **cadro 2.1.6.** (*Poboación ocupada 1998-1999: distribución segundo sectores económicos)*, a poboación ocupada na agricultura e gandería descende un 8,7% en relación ó ano anterior (13,3 miles de persoas), en tanto que o subsector pesqueiro experimenta un crecemento do 16,1% no que ó número de traballadores ocupados se refire (4,7 miles de ocupados máis). A provincia de Lugo concentra o maior volume de traballadores no campo, ó acoller ó 35,5% da poboación ocupa-

CADRO 4.1.4.

*Evolución da actividade no sector primario 1997-98: ingresos, custos e resultados*

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 1.466.318,18 | 100,00 | 1.660.345,60 | 100,00 | 13,2 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 1.258.468,89 | 85,83 | 1.436.482,69 | 86,52 | 14,1 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 207.849,29 | 14,17 | 223.862,91 | 13,48 | 7,7 |
| **Gastos de persoal** | 127.996,45 | 8,73 | 137.445,52 | 8,28 | 7,4 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 79.852,84 | 5,45 | 86.417,38 | 5,20 | 8,2 |
| **Amortizacións** | 30.127,71 | 2,05 | 32.756,92 | 1,97 | 8,7 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 49.725,13 | 3,39 | 53.660,46 | 3,23 | 7,9 |
| **Resultado financeiro** | - 12.144,85 | -0,83 | - 10.970,49 | -0,66 | 9,7 |
| Ingresos financeiros | 13.735,21 | 0,94 | 13.024,00 | 0,78 | -5,2 |
| Gastos financeiros | 25.880,05 | 1,76 | 23.994,48 | 1,45 | -7,3 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 37.580,29 | 2,56 | 42.689,98 | 2,57 | 13,6 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 8.638,46 | 0,59 | - 2.791,25 | -0,17 | -132,3 |
| **Resultado antes de impostos** | 46.218,75 | 3,15 | 39.898,72 | 2,40 | -13,7 |
| **Impostos** | 13.465,66 | 0,92 | 16.447,11 | 0,99 | 22,1 |
| **Resultado neto do exercicio** | 32.753,09 | 2,23 | 23.451,62 | 1,41 | -28,4 |
| **Cash-flow** | 62.880,79 | 4,29 | 56.208,54 | 3,39 | -10,6 |

Fonte: *Ardán*

da na agricultura e gandería. No caso da pesca, é a provincia de Pontevedra a que concentra a maior porcentaxe de poboación ocupada, acollendo ó 49,7% do total da poboación ocupada adicada á pesca.

Os datos do devandito cadro confirman non só o maior peso da man de obra feminina no campo, o 57% da poboación ocupada no subsector agrícola e gandeiro, senón tamén que este peso relativo aumenta respecto ó ano anterior, cando representaba o 55,9%. Este peso da man de obra feminina débese, en boa medida, ó papel das axudas familiares. Estas axudas familiares na agricultura representan o 73,8% do total (37,7 miles de persoas) e, dentro destas, a muller significou, ó igual que no ano anterior, o 70,6% (26,6 miles de persoas).

Respecto á poboación ocupada, o descenso experimentado en 1999 prodúcese por mor da caída no grupo de 16-24 anos e no de 55 e máis anos, que supera o crecemento da poboación ocupada no grupo de persoas comprendidas entre 25 e 54 anos. Esta tendencia prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres.

No ano 1998 prodúcese un descenso da renda agraria ou VEBcf nun 2,8%, ata acadalos 153.357,7 millóns de pesetas, e un aumento da producción final agraria (sectores agrícola, gandeiro e forestal) do 0,2%. No caso do subsector mar-industria, a producción de pesca fresca descende un 8,1%, ata as 157.302,8 toneladas, mentres que a producción acuícola medra un 15,4% respecto a 1998, ata as 274.343 toneladas. En ámbolos dous casos aumenta o valor da producción en primeira venda (6,3% e 0,4%, respectivamente).

Finalmente, os **cadros 4.1.2**, **4.1.3.**, **4.1.4.**, **4.1.5.**, e **4.1.6.** reflicten a situación empresarial das actividades relacionadas co sector primario. Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, o sector primario está formado por 2.619 empresas, cun emprego medio de 21 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 223.862,9 millóns de pesetas. Comparado coa

CADRO 4.1.5.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 1997-98**

| | 1997 (en millóns de pesetas) | 1997 (%) | 1998 (en millóns de pesetas) | 1998 (%) | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Activo total** | 826.668,68 | 100,00 | 925.263,23 | 100,00 | 11,9 |
| **Activo fixo (neto)** | 332.010,41 | 40,16 | 374.588,97 | 40,48 | 12,8 |
| Gastos amortizables | 4.042,27 | 0,49 | 4.134,18 | 0,45 | 2,3 |
| Inmobilizado inmaterial | 14.587,93 | 1,76 | 16.985,55 | 1,84 | 16,4 |
| Inmobilizado material | 221.201,94 | 26,76 | 247.316,55 | 26,73 | 11,8 |
| Outro inmobilizado | 91.755,19 | 11,10 | 105.795,14 | 11,43 | 15,3 |
| Outro activo fixo | 423,08 | 0,05 | 357,55 | 0,04 | -15,5 |
| **Circulante neto** | 494.658,27 | 59,84 | 550.674,27 | 59,52 | 11,3 |
| Existencias | 149.512,50 | 18,09 | 174.087,63 | 18,81 | 16,4 |
| Debedores | 270.822,55 | 32,76 | 296.747,53 | 32,07 | 9,6 |
| Tesourería | 34.080,72 | 4,12 | 42.004,50 | 4,54 | 23,3 |
| Outro activo circulante | 40.242,51 | 4,87 | 37.834,61 | 4,09 | -6,0 |
| **Fontes de financiamento** | 826.668,68 | 100,00 | 925.263,23 | 100,00 | 11,9 |
| **Financiamento permanente** | 420.094,05 | 50,82 | 458.975,17 | 49,60 | 9,3 |
| Fondos propios | 281.542,96 | 34,06 | 301.850,10 | 32,62 | 7,2 |
| Recursos alleos l/p | 111.206,91 | 13,45 | 126.269,47 | 13,65 | 13,5 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 27.344,18 | 3,31 | 30.855,61 | 3,33 | 12,8 |
| **Acreedores a curto plazo** | 406.574,63 | 49,18 | 466.288,06 | 50,40 | 14,7 |
| **Fondo de rotación** | 88.083,65 | 10,66 | 84.386,21 | 9,12 | -4,2 |

Fonte: *Ardán*

situación empresarial de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 23,6% das empresas e xera o 20,8% do VEB a custo de factores.

O devandito **cadro 4.1.2.** amosa que son as actividades relacionadas co subsector agrogandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.167 empresas) xerando o 49,3% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 35,5% do valor engadido bruto a custo de factores. O subsector mar-industria, a pesares de acoller un menor número de empresas, 737, produce o 37,4% do VEB.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 4.1.3.**, é Vigo, cun total de 35.859,8 millóns de pesetas, un 2,2% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 21.401,4 millóns de pesetas, un 7,8% superior ó do ano anterior.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.1.4.** reflicte que no ano 1998 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron unha caída no seu resultado neto do exercicio do 28,4% para situarse nos 23.451,6 millóns de pesetas, así como un incremento do resultado de actividades ordinarias do 13,6%. Neste ano prodúcese un aumento do VEB e dos ingresos de explotación (7,7% e 13,2%, respectivamente), así como unha reducción do *cash-flow* (10,6%). En termos dos ingresos de explotación, en 1998 descende o peso do VEB a custo de factores e do *cash-flow*, para situarse no 13,5% e no 3,4%, respectivamente, fronte ó 14,2% e 4,3% do ano anterior.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.1.5.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 15,3% do circulante

CADRO 4.1.6.

**_Sector primario 1997-98: estudio económico-financeiro_**

**_Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación_**

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 8,99% | 11,41% | 15,07% | 23,65% | 10,61% | 15,89% | 2,12% | 3,34% | 0,69% | 0,96% | 2,69% | 3,24% |
| **1997** | 9,69% | 10,26% | 14,82% | 24,26% | 10,64% | 16,54% | 2,14% | 3,18% | 0,81% | 1,12% | 2,55% | 3,06% |

**_Rendibilidade e magnitudes asociadas_**

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 5,92% | 6,80% | 2,48% | 3,55% | 2,33 | 1,89 | 13,42% | 16,90% | 2,48% | 2,74% | 2,19 | 2,46 |
| **1997** | 6,13% | 6,62% | 2,55% | 3,46% | 2,29 | 1,84 | 13,11% | 14,92% | 2,89% | 3,09% | 2,24 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.1.1.1.

***Presupostos consolidados da Consellería de Agricultura 1998-99: distribución dos créditos por programas***

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* |
| Capacitación extensión agraria | 1.419 | 1.537 | 8,32 |
| Formación Profesional F.S.E. | 302 | 253 | -16,23 |
| Protección do medio ambiente natural | - | - | - |
| Infraestructuras, reforma e desenvolvemento agr. | 4.430 | 4.739 | 6,98 |
| Prevención e defensa contra incendios forestais | - | - | - |
| Desenvolvemento rural | 2.267 | 1.767 | -22,06 |
| Investigación e experimentación agraria | - | - | - |
| Servicios Xerais de Agricultura | 2.364 | 2.333 | -1,31 |
| Promoc. cooperativismo e S. de Div. de Tec. Agr. | 323 | 312 | -3,41 |
| Sanidade animal e vexetal | 2.253 | 2.689 | 19,35 |
| Ord., reestr., fomento e mellora da prod. agraria | 5.132 | 6.129 | 19,43 |
| Ord., reestr. e desenvolvemento do sector forestal | - | - | - |
| Regulación de productos e mercados agrarios | 895 | 768 | -14,19 |
| Ordenación e creación de industrias agroaliment. | 211 | 169 | -19,91 |
| Mellora da competitividade | - | - | - |
| Apoio ó investimento estratéxico | - | - | - |
| Plan Galego de Investigación | 925 | 966 | 4,43 |
| Elaboración e difusión estatística | 14 | 7 | -50,00 |
| Fomento de cultivos alternativos | - | 341 | - |
| Fomento do sector gandeiro | 5.949 | 9.008 | 51,42 |
| Fomento das industrias agroalimentarias | 3.403 | 3.746 | 10,08 |
| Fomento da comercialización agroindustrial | 648 | 1.043 | 60,96 |
| **Total** | **32.485** | **35.807** | **10,23** |

Fonte: *Xunta* , *Presupostos xerais da C.A.*

neto, acadando un fondo de rotación de 84.386,2 millóns de pesetas, un 4,2% inferior ó existente o ano anterior. O 84,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 7,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,6% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 13,5%, cun peso relativo do 13,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 925.263,2 millóns de pesetas, un 11,9% superior ó valor de 1997, dos que 374.589 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,8% superior respecto ó ano anterior). Os 550.674,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11,3% en relación a 1997.

No que ó **estudio económico e financiero** se refire, o **cadro 4.1.6.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos e unha diminución dos custos gastos de persoal e carga financeira dun xeito relativo. A rendibilidade económica descende ata o 5,92% pese ó incremento da rotación, mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período por mor da reducción do custo da débeda.

## 4.1.1.- Subsector agro-gandeiro

A análise do subsector agro-gandeiro estructúrase en tres partes onde se analizará o subsector agrogandeiro no seu conxunto, para posteriormente considera-lo estudio da agricultura e da gandería por separado.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) son os encargados de levar a cabo as políticas relacionadas co ámbito agro-gandeiro. O **cadro 4.1.1.1**. amosa o presuposto total consolidado da Consellería de Agricultura, que ascendeu a 35.807 millóns de pesetas no ano 1999, un 10,2% superior ó de 1998, dos que 21.848 millóns (o 61%) corresponde ó presuposto da

CADRO 4.1.1.2.

*Presupostos da Consellería de Agricultura 1998-99: distribución económica*

*(en millóns de pesetas)*

| | Consellería | | | Organismo Autónomo (1) | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
| Operacións correntes | 7.410 | 7.424 | 0,2 | 827 | 869 | 5,1 | 8.237 | 8.293 | 0,7 |
| Operacións de capital | 25.072 | 28.376 | 13,2 | 10.615 | 13.090 | 23,3 | 35.687 | 41.466 | 16,2 |
| Total bruto | 32.482 | 35.800 | 10,2 | 11.442 | 13.959 | 22,0 | 43.924 | 49.759 | 13,3 |
| Transferencias internas | 11.439 | 13.952 | 22,0 | | | | 11.439 | 13.952 | 22,0 |
| Total consolidado | 21.043 | 21.848 | 3,8 | 11.442 | 13.959 | 22,0 | 32.485 | 35.807 | 10,2 |

(1) Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

CADRO 4.1.1.3.

*Macromagnitudes agrarias 1997-98*

*(en millóns de pesetas)*

| | 1997 | 1998 | | | | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | (%) |
| Produción total agraria | 399.525,6 | 412.924,7 | 139.259,0 | 129.564,9 | 61.512,5 | 82.588,3 | 3,4 |
| Reemprego no sector agrario | 103.320,5 | 115.986,7 | 41.483,4 | 47.816,1 | 10.742,2 | 15.944,9 | 12,3 |
| Produción final agraria | 296.205,0 | 296.938,0 | 97.775,6 | 81.748,8 | 50.770,2 | 66.643,4 | 0,2 |
| Achega subsector agrícola | 65.354,8 | 59.181,3 | 16.247,0 | 8.361,2 | 9.652,3 | 24.920,8 | -9,4 |
| Achega subsector gandeiro | 181.142,8 | 190.240,2 | 63.761,0 | 59.601,6 | 35.275,8 | 31.601,8 | 5,0 |
| Achega subsector forestal | 39.916,6 | 36.791,9 | 14.852,6 | 8.869,2 | 4.551,9 | 8.518,2 | -7,8 |
| Outras producións | 9.790,8 | 10.724,6 | 2.915,0 | 4.916,8 | 1.290,2 | 1.602,6 | 9,5 |
| Gastos fóra do sector | 108.692,7 | 114.120,7 | 44.019,0 | 29.056,7 | 21.013,1 | 20.031,9 | 5,0 |
| Valor engadido bruto a p.m. | 187.512,3 | 182.817,3 | 53.756,6 | 52.692,1 | 29.757,1 | 46.611,5 | -2,5 |
| Subvencións de explotación | 14.062,4 | 13.675,6 | 4.343,8 | 6.198,6 | 1.904,6 | 1.228,6 | -2,8 |
| Valor engadido bruto ó c.f. | 201.574,7 | 196.492,9 | 58.100,4 | 58.890,7 | 31.661,7 | 47.840,1 | -2,5 |
| Amortizacións | 43.775,1 | 43.117,2 | 14.872,5 | 13.903,7 | 7.443,3 | 6.897,7 | -1,5 |
| Valor engadido ó c.f. ou renda agraria | 157.799,6 | 153.375,7 | 43.227,9 | 44.987,0 | 24.218,4 | 40.942,4 | -2,8 |

Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria*

consellería e os 13.959 millóns restantes (o 39%), ó seu organismo autónomo.

O **cadro 4.1.1.1.** amosa que os principais programas son os de Fomento do sector gandeiro; o de Ordenación, Reestructuración, Fomento e Mellora da Producción Agraria; e o de Infraestructura, reforma e desenvolvemento agrario. O primeiro, con 9.008 millóns de pesetas (un 51,4% máis que en 1998), ten como obxectivo a modernización das explotacións agrarias. O segundo, con 6.129 millóns (un 19,4% superior ó do ano anterior), ten por obxecto accións que inciden no incremento de rendibilidade das explotacións, dentro do marco da PAC. E, finalmente, o programa de Infraestructura, reforma e desenvolvemento agrario, con 4.739 millóns, busca reforzar e reorganiza-las estructuras agrarias, coa finalidade de lograr explotación viables e consolida-la propiedade das explotacións agrarias.

Tal e como reflicte o **gráfico 4.1.1.1.**, o subsector agrícola presenta unha importante supeditación ó sector gandeiro, xa que este último representa o 64,1% do total da producción final agraria en 1998, mentres que o subsector agrícola acolle o 19,9% da produción final agraria. Comparado coa situación do ano anterior, aumenta a importancia do subsector gandeiro, en tanto que descende a do subsector agrícola, xa que as porcentaxes da producción

GRÁFICO 4.1.1.1.

***Achega dos principais subsectores á producción final agraria 1997-98***







Fonte: *Consellería de Agricultura, Montes e Política Agroalimentaria.*

CADRO 4.1.1.4.

***Distribución xeral da terra 1998: análise da superficie segundo aproveitamento***

*(en ha.)*

| | Terras de cultivo | | Prados e pasteiras | | | Terreo forestal | Outros | Total terras |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Secaño | Total | Prados | Pasteiras | Total | | | |
| **A Coruña** | 106.667 | 113.087 | 66.000 | 69.670 | 135.670 | 463.210 | 81.119 | 793.086 |
| **Lugo** | 160.119 | 169.104 | 100.571 | 75.719 | 176.290 | 578.899 | 56.002 | 980.295 |
| **Ourense** | 43.883 | 50.425 | 56.092 | 29.458 | 85.550 | 520.215 | 71.640 | 727.830 |
| **Pontevedra** | 45.132 | 60.983 | 29.604 | 26.224 | 55.828 | 272.229 | 57.416 | 446.456 |
| **Total** | 355.801 | 393.599 | 252.267 | 201.071 | 453.338 | 1.834.553 | 266.177 | 2.947.667 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

CADRO 4.1.1.5.

*Macromagnitudes agrarias 1997-98: gastos de fóra do sector*

*( en millóns de pesetas)*

| | 1997 | 1998 | | | | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total (%) |
| **Sementes selectas e pés** | 4.557,7 | 3.997,6 | 1.556,8 | 803,8 | 879,5 | 757,5 | -12,3 |
| **Pensos para o gando** | 38.999,1 | 39.788,0 | 16.714,5 | 6.436,6 | 9.206,7 | 7.430,2 | 2,0 |
| **Fertilizantes** | 5.108,4 | 5.133,0 | 2.772,3 | 1.247,1 | 174,1 | 939,5 | 0,5 |
| **Emendas** | 268,9 | 292,4 | 92,4 | 103,9 | 33,0 | 63,1 | 8,7 |
| **Enerxía** | 8.713,3 | 9.807,7 | 3.848,8 | 3.012,5 | 1.278,2 | 1.668,2 | 12,6 |
| **Lubricantes** | 1.320,5 | 1.450,9 | 575,5 | 636,8 | 18,9 | 219,7 | 9,9 |
| **Pneumáticos** | 3.117,1 | 3.187,6 | 1.210,0 | 910,0 | 485,6 | 582,0 | 2,3 |
| **Productos fitosanitarios** | 1.567,7 | 1.645,5 | 647,9 | 245,5 | 384,9 | 367,2 | 5,0 |
| **Tratamentos zoosanitarios** | 6.248,6 | 7.374,5 | 2.380,4 | 2.586,3 | 1.362,0 | 1.045,8 | 18,0 |
| **Reparación de maquinaria** | 30.719,4 | 33.255,0 | 11.602,9 | 11.078,2 | 5.176,2 | 5.397,7 | 8,3 |
| **Reparación de construccións** | 4.417,9 | 4.452,8 | 1.302,5 | 1.168,9 | 1.273,4 | 708,0 | 0,8 |
| **Outros gastos** | 3.654,1 | 3.735,7 | 1.315,0 | 827,1 | 740,6 | 853,0 | 2,2 |
| **Total** | **108.692,7** | **114.120,7** | **44.019,0** | **29.056,7** | **21.013,1** | **20.031,9** | **5,0** |

Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria*

final agraria eran do 61,2% e 22,1%, respectivamente.

O valor engadido ó custo de factores ou **renda agraria** descende un 2,8% no ano 1998 respecto ó ano anterior, para situarse nos 153.375,7 millóns de pesetas.

O devandito **cadro 4.1.1.3.** reflicte a vocación comercial do sector agrario, entendido como o cociente entre a producción final agraria e a producción total agraria. Esta relación pon de manifesto un descenso da mesma en 1998 respecto a 1997, ó pasar dun 74,1% en 1997 ó 71,9% do ano 1998. Pola contra, o reemprego no sector agrario aumenta desde o 25,9% ata o 28,1% de 1998.

Respecto á **distribución xeral de terras**, **cadro 4.1.1.4**., a meirande parte da superficie galega (2.947.667 hectáreas) corresponde a terreo forestal (un 62,2%), en tanto que a superficie adicada a terras de cultivo e a prados e pasterios representa o 13,4% e o 15,4% do total, repectivamente.

O devandito cadro reflicte a importancia do sector agrario na provincias de Lugo e Ourense en comparación coas outras provincias galegas, sendo Lugo a provincia que máis superficie adica a terras de cultivo (o 17,3% da súa superficie) e a prados e pasteiras (o 18%), e no concernente ó terreo forestal, Ourense adica o 71,5% da súa superficie fronte ó 61% da provincia de Pontevedra.

Os **gastos de fóra do sector** son outro elemento a ter en conta á hora de analiza-lo subsector agrogandeiro, xa que son un índice do grao de avance tecnolóxico e de integración. Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.5.**, estes gastos aumentaron nun 5% en 1998 respecto ó ano anterior, sendo as partidas máis importantes as dos gastos en pensos para gando (directamente relacionados coa gandería industrial) e as de reparación de maquinaria, que suman un valor de 73.043 millóns de pesetas, é dicir, o 64% do total dos gastos de fóra do sector.

Outro gasto a ter en conta é o consumo agrícola de fertilizantes. O **cadro 4.1.1.6.** amosa que Galicia consumiu en 1998 un total de 77,7 miles de toneladas de fertilizantes agrícolas. En 1999 o consumo ascendeu a 74.000 toneladas de fertilizantes, un 4,8% menos que no ano anterior, sendo a novena comunidade en

CADRO 4.1.1.6.

**Consumo agrícola de fertilizantes nas CC.AA. 1998-99**

*(en miles de Tm)*

| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | Tm/1000 Ha. (1) 1998 | Tm/1000 Ha. (1) 1999 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Andalucía** | 421,90 | 430,10 | 1,94 | 72,42 | 73,82 |
| **Aragón** | 191,80 | 205,00 | 6,88 | 71,38 | 76,29 |
| **Asturias** | 10,20 | 12,30 | 20,59 | 30,75 | 37,08 |
| **Baleares** | 8,60 | 9,90 | 15,12 | 36,85 | 42,42 |
| **Canarias** | 22,20 | 20,30 | -8,56 | 177,36 | 162,18 |
| **Cantabria** | 5,80 | 3,20 | -44,83 | 21,54 | 11,88 |
| **Castela - A Mancha** | 241,70 | 253,70 | 4,96 | 46,99 | 49,33 |
| **Castela e León** | 521,60 | 590,66 | 13,24 | 86,43 | 97,88 |
| **Cataluña** | 152,90 | 150,60 | -1,50 | 124,65 | 122,77 |
| **Comunidade Valenciana** | 235,90 | 216,90 | -8,05 | 189,77 | 174,48 |
| **Estremadura** | 104,00 | 100,30 | -3,56 | 33,04 | 31,87 |
| **Galicia** | **77,70** | **74,00** | **-4,76** | **84,13** | **80,13** |
| **Madrid** | 16,60 | 13,60 | -18,07 | 37,66 | 30,85 |
| **Murcia** | 121,60 | 131,60 | 8,22 | 175,76 | 190,21 |
| **Navarra** | 82,10 | 61,60 | -24,97 | 133,26 | 99,99 |
| **País Vasco** | 31,20 | 30,90 | -0,96 | 112,59 | 111,50 |
| **A Rioxa** | 32,50 | 32,30 | -0,62 | 116,74 | 116,02 |
| **Total** | 2.278,30 | 2.337,20 | 2,59 | 77,24 | 79,24 |

(1) o consumo de fertilizantes por Ha. cálculase a partir dos datos da Superficie Agraria Util de cada C.A. proporcionados polo Ministerio para 1998

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

CADRO 4.1.1.7.

**Inscricións de máquinas agrícola novas en Galicia e España 1998-99**

***1998***

| | Tractores | Motocultores | Total (1) |
|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.749 | 698 | 2.447 |
| **España** | 25.063 | 1.358 | 27.209 |
| **G/E** | 7,0 | 51,4 | 9,0 |

***1999***

| | Tractores | Motocultores | Total (1) |
|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.784 | 723 | 2.507 |
| **España** | 22.541 | 1.405 | 24.598 |
| **G/E** | 7,9 | 51,5 | 10,2 |

***99/98***

| | Tractores | Motocultores | Total (1) |
|---|---|---|---|
| **Galicia** | 2,0 | 3,6 | 2,5 |
| **España** | -10,1 | 3,5 | -9,6 |

(1) o total para España inclúe outras maquinas como por exemplo colleitadoras de cereais

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

canto ó consumo dos mesmos. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 3,2% do total consumido en España, fronte ó 3,4% do ano 1998.

Ponderándoo segundo a superficie agraria útil de cada comunidade, o consumo descende desde os 84,1 toneladas por cada mil hectáreas de 1998 ata as 80,1 toneladas en 1999. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia sería a novena comunidade, cun consumo superior á media estatal, que foi de 79,2 toneladas por cada mil hectáreas.

Finalmente, un último gasto fóra do sector a ter en conta é a inscrición de maquinaria. Tal

CADRO 4.1.1.8.

*Indices de prezos percibidos polos agricultores 1998-99: medias anuais españolas*

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | anobase 1990=100 | | (%) |
| Productos vexetais | 115,16 | 117,23 | 1,8 |
| Productos agrícolas | 115,11 | 116,98 | 1,6 |
| Cereais consumo humano | 95,47 | 91,97 | -3,7 |
| Cereais penso | 86,92 | 88,96 | 2,3 |
| Leguminosas consumo humano | 121,73 | 162,20 | 33,2 |
| Leguminosas penso | 98,49 | 96,94 | -1,6 |
| Pataca | 127,67 | 105,83 | -17,1 |
| Hortalizas | 114,99 | 110,44 | -4,0 |
| Froitas frescas (non cítricos) | 110,24 | 91,14 | -17,3 |
| Viño e mosto | 168,33 | 217,94 | 29,5 |
| Sementes | 95,02 | 94,10 | -1,0 |
| Flores e plantas ornamentais | 124,42 | 115,13 | -7,5 |
| Productos animais | 109,61 | 102,75 | -6,3 |
| Vacún para abasto | 108,29 | 105,38 | -2,7 |
| Ovino para abasto | 120,82 | 116,97 | -3,2 |
| Cabrún para abasto | 124,99 | 127,85 | 2,3 |
| Porcino para abasto | 98,51 | 91,31 | -7,3 |
| Aves para abasto | 105,16 | 87,79 | -16,5 |
| Coellos para abasto | 93,23 | 89,58 | -3,9 |
| Productos gandeiros | 119,66 | 114,23 | -4,5 |
| Leite | 124,71 | 122,63 | -1,7 |
| Ovos | 107,38 | 94,81 | -11,7 |
| La | 112,11 | 54,24 | -51,6 |
| Índice xeral de prezos percibidos | 113,09 | 111,82 | -1,1 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

CADRO 4.1.1.9.

*Axudas estructurais á agricultura 1998*

| | Número | Investimento | Subvención |
|---|---|---|---|
| | | (en pesetas) | |
| Posta en producción de superficies infrautilizadas en montes veciñais | 17 | | 93.609.870 |
| Mellora da eficacia dos sitemas productivos agrarios | 181 | | 255.089.145 |
| Axudas a superficies con cultivos herbáceos | 38.685 | | 2.274.592.495 |
| Primas a productores de vacún de carne (becerros) | 7.552 | | 252.917.610 |
| Primas a gandeiros de ovino-caprún | 4.448 | | 658.559.452 |
| Primas a gandeiros con vacas mosexas | 27.203 | | 4.815.942.486 |
| Mellora das estructuras de explotacións agrarias (RD 1887/91, 204/96) (só subvención directa) | | | |
| A)Primeira instalación de agricultores novos | 462 | 1.155.023.176 | 969.150.718 |
| B)Investimentos en plans de mellora de explotacións | 1.733 | 9.401.529.249 | 1.239.959.499 |
| C)Axudas para a introdución á contabilidade | 801 | | 40.851.250 |
| D)Axudas a agrupacións de xestión | 56 | | 163.843.878 |
| R)Investimentos en plans de mellora fóra da acción común | 4 | 31.748.010 | 4.762.200 |
| Cesamento anticipado na actividade agraria | 643 | | 755.200.000 |
| Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas | 25.506 | | 1.448.436.987 |
| Protección integrada do viñedo | 264 | | 24.149.350 |
| Razas autóctonas en perigo de extinción | 104 | | 15.368.000 |
| Paisaxe viñedos ribeira sacra | 429 | | 16.912.960 |
| Sistemas extensivos de pastoreo | 55 | | 34.072.890 |
| Abandono producción leiteira | 5.652 | | 496.558.326 |
| **Total** | **113.795** | **10.588.300.435** | **13.559.977.116** |

Fonte: *Conselleria de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria*

e como reflicte o **cadro 4.1.1.7.**, que recolle a composición do censo da maquinaria da comunidade autónoma, no ano 1999 prodúcese un crecemento tanto no número de tractores como no número de motocultores (2% e 3,6%, respectivamente). En termos absolutos, o número de tractores acada a cifra de 1.784 en 1999, fronte ós 1.749 do ano anterior, en tanto que no caso dos motocultores, pásase dos 698 de 1998 ós 723 do ano considerado. Este aumento das

CADRO 4.1.1.10.

*Industrias agrarias a 1-9-1998 (1): distribución segundo sectores*

| Sectores | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Cárnicas | 49 | 51 | 56 | 65 | 221 |
| Vinícolas e de alcohois | 79 | 77 | 70 | 59 | 285 |
| Manipulación e procesado de flores, tubérculos e productos hortofrutícolas | 53 | 71 | 65 | 53 | 242 |
| Alimentación animal | 40 | 35 | 4 | 24 | 103 |
| Lácteas | 36 | 38 | 8 | 19 | 101 |
| Outras agroindustrias (2) | 28 | 44 | 32 | 20 | 124 |
| Total | 285 | 316 | 235 | 240 | 1.076 |

(1) os datos foron extraídos de rexistros administrativos, polo que o feito de aparecer non implica que tódalas industrias estén activas
(2) comprende: manipulación de mel, clasificación e envasado de ovos e outras actividades
Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega*

CADRO 4.1.1.11.

*Industrias agrarias a 1-1-1998: distribución segundo intervalos de emprego*

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| de 1 a 5 traballadores | 200 | 255 | 189 | 163 | 807 |
| de 6 a 10 traballadores | 31 | 30 | 22 | 36 | 119 |
| de 11 a 25 traballadores | 19 | 16 | 13 | 20 | 68 |
| de 26 a 50 traballadores | 17 | 9 | 5 | 11 | 42 |
| máis de 50 traballadores | 10 | 6 | 4 | 10 | 30 |
| Outros | 8 | | 2 | | 10 |
| **Total** | **285** | **316** | **235** | **240** | **1.076** |

Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega*

inscricións de maquinaria agrícola, unido ó descenso do número de explotacións, leva a un aumento do parque.

O **cadro 4.1.1.8.** reflicte os prezos percibidos polos agricultores nos dous últimos anos, onde se aprecia que, en 1999, estos descenderon 1,1% respecto ó ano anterior fronte ó descenso de 1,6% experimentado en 1998. A causa principal deste descenso é o descenso dos precios dos productos animais e gandeiros, que supera o crecemento no caso dos productos agrícolas e vexetais.

Finalmente, o **cadro 4.1.1.9.** reflicte as diferentes axudas á explotacións agrarias outorgadas en 1998, segundo os datos da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. O número de medidas ou liñas de actuación expedidas en 1998 ascendeu a 113.795 (un 3% superior ó experimentado o ano anterior), cun volume total de investimentos de 10.588,3 millóns de pesetas (centrados en tres liñas) e un volume total de subvencións de 13.560 millóns.

Os tres principais grupos de axudas, atendendo ó número de axudas estructurais e ás subvencións recibidas, son os de as "axudas a superficies con cultivos herbáceos", "primas a gandeiros con vacas mosexas" e "indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas", que acollen ó 80,3% do total das axudas e ó 63% das subvencións.

En termos de investimentos, **cadro 4.1.1.9.**, todos van dirixidos a plans de mellora das estructuras de explotacións agrarias, que acollen os 10.588 millóns investidos –9.401,5 millóns de pesetas para investimentos en plans de mellora de explotacións, 1.155 millóns por primeira instalación de agricultores novos e 31,7 millóns en investimentos en plans de mellora fóra da acción común–, e unhas subvencións por valor de 2.418,6 millóns de pesetas.

***• Industrias relacionadas.-***

Unha primeira aproximación ás industrias agro-gandeiras está recollida nos **cadros 4.1.1.10.** e **4.1.1.11.,** onde se amosa que a 1 de

CADRO 4.1.1.12.

**Complexo agro-gandeiro 1998: actividades que comprende o grupo**

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Producción gandeira** | 28 | 5.726,45 | 749,20 | 156,02 | 3.527,38 | 7 |
| **Producción avícola** | 12 | 2.928,17 | 536,21 | 147,17 | 1.354,00 | 12 |
| **Industria cárnica** | 62 | 45.581,79 | 6.743,25 | 1.287,59 | 21.357,41 | 29 |
| **Industria láctea** | 31 | 123.784,70 | 7.482,72 | - 8.509,11 | 50.240,81 | 53 |
| **Producción de alimentación animal** | 33 | 47.451,67 | 7.368,88 | 2.434,49 | 23.170,20 | 33 |
| **Fariñas, pan, dulces e pastelerías** | 99 | 19.840,37 | 7.071,63 | 1.794,74 | 11.949,73 | 22 |
| **Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño** | 6 | 9.411,82 | 3.999,09 | 1.833,25 | 8.036,03 | 56 |
| **Fabricantes de viños** | 35 | 6.629,69 | 1.466,28 | 617,84 | 9.522,19 | 9 |
| **Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas min.** | 18 | 19.572,77 | 5.058,09 | 1.921,68 | 16.505,30 | 39 |
| **Fabricantes doutros productos alimenticios** | 29 | 11.724,67 | 2.863,85 | 909,10 | 10.254,58 | 22 |
| **Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas** | 282 | 204.191,17 | 11.453,19 | 3.011,15 | 69.821,73 | 13 |
| **Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas** | 260 | 177.373,41 | 11.131,44 | 1.928,67 | 53.802,78 | 10 |
| **Distr. detallista de pdtos. alimenticios e bebidas** | 156 | 101.747,14 | 9.935,60 | 2.239,83 | 31.345,87 | 29 |
| **Distr. especializada maior. de gando e prod. granxas** | 116 | 43.108,57 | 3.676,50 | - 72,70 | 14.519,71 | 8 |
| **Total** | **1.167** | **819.072,38** | **79.535,91** | **9.699,72** | **325.407,70** | **18** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **10,50%** | **14,73%** | **7,40%** | **3,32%** | **8,16%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.1.1.13.

**Complexo agro-gandeiro 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1997 | 1998 | 98/97 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 11.859,49 | 12.773,96 | 7,7 |
| **Vigo** | 6.221,71 | 6.416,89 | 3,1 |
| **Oleiros** | 4.497,16 | 4.834,71 | 7,5 |
| **Arteixo** | 5.720,83 | 4.336,75 | -24,2 |
| **O Porriño** | 3.376,16 | 3.460,29 | 2,5 |
| **Santiago** | 3.343,91 | 3.435,62 | 2,7 |
| **Lugo** | 2.975,61 | 3.147,39 | 5,8 |
| **Ourense** | 2.327,13 | 2.469,14 | 6,1 |

Fonte: *Ardán*

setembro de 1998 había un total de 1.076 empresas, das que 807 acollían a 5 ou menos traballadores, e tan só 72 empresas tiñan 26 ou máis traballadores.

Atendendo á desagregación segundo subsectores, o máis importante en canto ó número de empresas é o subsector vinícola e de alcohois, con 285 empresas (26,5%), das que 77 están ubicadas na provincia de Lugo e 70 na de Ourense. Como reflicte o **cadro 4.1.1.10.**, este subsector é o que presenta o maior número de industrias en tódalas provincias agás en Pontevedra, onde é superado polas industrias cárnicas (65).

A provincia de Lugo é a que acolle ó maior número de industrias, con 316 (o 29,4% do total de industrias agrarias de Galicia), seguida de A Coruña, con 285, e Pontevedra e Ourense, con 240 e 235, respectivamente.

***• Indicadores empresariais.-***

Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.12.**, a metodoloxía seguida polo Ardán selecciona para o subsector agro-gandeiro 1.167 empresas, cun emprego medio de 18 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 79.535,9 millóns de pesetas. O devandito cadro amosa que son as actividades relacionadas coa distribución de productos alimenticios e bebidas as que engloban un maior número de empresas (698 empresas) xerando o 59% do total de ingre-

CADRO 4.1.1.14.

**Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1997-98: ingresos, custos e resultados**

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de pesetas) | (%) | (en millóns de pesetas) | (%) | |
| **Ingresos de explotación** | 747.628,20 | 100,00 | 819.072,38 | 100,00 | 9,6 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 671.872,27 | 89,87 | 739.536,46 | 90,29 | 10,1 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 75.755,93 | 10,13 | 79.535,91 | 9,71 | 5,0 |
| **Gastos de persoal** | 48.995,04 | 6,55 | 52.779,08 | 6,44 | 7,7 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 26.760,89 | 3,58 | 26.756,83 | 3,27 | - 0,0 |
| **Amortizacións** | 10.391,51 | 1,39 | 11.081,37 | 1,35 | 6,6 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 16.369,38 | 2,19 | 15.675,46 | 1,91 | - 4,2 |
| **Resultado financeiro** | - 3.136,68 | -0,42 | - 2.427,67 | -0,30 | 22,6 |
| **Ingresos financeiros** | 5.618,93 | 0,75 | 5.488,69 | 0,67 | - 2,3 |
| **Gastos financeiros** | 8.755,61 | 1,17 | 7.916,36 | 0,97 | - 9,6 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 13.232,70 | 1,77 | 13.247,80 | 1,62 | 0,1 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 2,80 | 0,00 | - 8.917,28 | -1,09 | - |
| **Resultado antes de impostos** | 13.235,50 | 1,77 | 4.330,52 | 0,53 | - 67,3 |
| **Impostos** | 4.828,93 | 0,65 | 5.712,16 | 0,70 | 18,3 |
| **Resultado neto do exercicio** | 8.406,57 | 1,12 | - 1.381,65 | -0,17 | - |
| **Cash-flow** | 18.798,08 | 2,51 | 9.699,72 | 1,18 | - 48,4 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.1.1.15.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1997-98**

| | 1997 | | 1998 | | 98/97 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de pesetas) | (%) | (en millóns de pesetas) | (%) | |
| **Activo total** | 303.051,44 | 100,00 | 325.407,70 | 100,00 | 7,4 |
| **Activo fixo (neto)** | 118.664,92 | 39,16 | 133.765,72 | 41,11 | 12,7 |
| **Gastos amortizables** | 2.205,99 | 0,73 | 2.043,51 | 0,63 | -7,4 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 6.902,46 | 2,28 | 8.173,19 | 2,51 | 18,4 |
| **Inmobilizado material** | 80.690,14 | 26,63 | 88.251,17 | 27,12 | 9,4 |
| **Outro inmobilizado** | 28.698,95 | 9,47 | 35.186,85 | 10,81 | 22,6 |
| **Outro activo fixo** | 167,37 | 0,06 | 111,00 | 0,03 | -33,7 |
| **Circulante neto** | 184.386,53 | 60,84 | 191.641,99 | 58,89 | 3,9 |
| **Existencias** | 52.569,68 | 17,35 | 55.163,54 | 16,95 | 4,9 |
| **Debedores** | 95.391,28 | 31,48 | 103.476,37 | 31,80 | 8,5 |
| **Tesourería** | 14.431,42 | 4,76 | 16.859,14 | 5,18 | 16,8 |
| **Outro activo circulante** | 21.994,14 | 7,26 | 16.142,94 | 4,96 | -26,6 |
| **Fontes de financiamento** | 303.051,44 | 100,00 | 325.407,70 | 100,00 | 7,4 |
| **Financiamento permanente** | 144.349,80 | 47,63 | 142.186,01 | 43,69 | -1,5 |
| **Fondos propios** | 96.740,39 | 31,92 | 93.019,89 | 28,59 | -3,8 |
| **Recursos alleos l/p** | 41.495,11 | 13,69 | 43.148,09 | 13,26 | 4,0 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 6.114,30 | 2,02 | 6.018,04 | 1,85 | -1,6 |
| **Acreedores a curto plazo** | 158.701,64 | 52,37 | 183.221,69 | 56,31 | 15,5 |
| **Fondo de rotación** | 25.684,89 | 8,48 | 8.420,29 | 2,59 | -67,2 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.1.1.16.

***Complexo agro-gandeiro 1997-98: estudio económico-financeiro***

***Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación***

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 7,60% | 11,41% | 11,82% | 23,65% | 8,60% | 15,89% | 1,69% | 3,34% | 0,48% | 0,96% | 2,09% | 3,24% |
| **1997** | 5,99% | 10,26% | 11,68% | 24,26% | 8,56% | 16,54% | 1,64% | 3,18% | 0,51% | 1,12% | 1,94% | 3,06% |

***Rendibilidade e magnitudes asociadas***

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1998** | 5,33% | 6,80% | 1,79% | 3,55% | 2,91 | 1,89 | 12,79% | 16,90% | 2,08% | 2,74% | 2,28 | 2,46 |
| **1997** | 5,21% | 6,62% | 1,78% | 3,46% | 2,90 | 1,84 | 12,07% | 14,92% | 2,24% | 3,09% | 2,32 | 2,54 |

Fonte: *Ardán*

sos de explotación e o 40,9% do valor engadido bruto a custo de factores.

Dentro das actividades productivas salienta a industria láctea, onde as 31 empresas seleccionadas xeraron un valor engadido bruto a custo de factores de 7.482,7 millóns de pesetas, o 9,4% do total xerado polo subsector agro-gandeiro. O emprego medio nestas empresas foi de 53 persoas, cuns ingresos de explotación a 123.784,7 millóns de pesetas, o 15,1% dos ingresos totais do subsector.

Xunto a esta industria láctea, salientan as empresas pertencentes á industria cárnica (62 empresas) e á producción de alimentación animal (33), que xeran o 8,5% e 9,3% do total do valor engadido bruto deste subsector, respectivamente. O peso relativo dos seus ingresos de explotación representou, respectivamente, o 5,6% e o 5,8%.

Relacionando estes datos cos recollidos nos dous cadros anteriores, as actividades do complexo agro-gandeiro estrictamente productivas recollidas por Ardán (353 empresas) representa un 33% do total de industrias agrarias recollidas no *Directorio de agroindustrias galegas* da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. Atendendo ós diferentes subsectores, as actividades vinícolas e de alcohol recollidas por Ardán representan o 14,4% do total de industrias vitivinícolas do *Directorio* e a porcentaxe no caso das industrias cárnicas, lácteas e de alimentación animal ascende ó 28%, 30,7% e 32%, respectivamente.

O principal **núcleo de localización** atendendo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 4.1.1.13.**, é A Coruña cun total de 12.774 millóns de pesetas, un 7,7% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 6.416,9 millóns de pesetas, un 3,1% superior ó do ano anterior. Hai que salientar que o núcleo de Arteixo presenta outro descenso no seu VEB xerado. Tras un descenso superior ó 13% en 1997 respecto ó ano 1996, en 1997 o descenso é superior ó 24%.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o cadro **4.1.1.14.** reflicte que no ano 1998 as empresas do subsector agro-gandeiro consideradas no seu conxunto presentaron un resultado neto do exercicio negativo de 1.381,7 millóns de pesetas, fronte ós 8.406,6 millóns de beneficio do ano anterior. Este cambio está influido pola evolución do resultado de actividades extraordinarias, que acadan un valor negativo de 8.917,3 millóns de pesetas.

O resultado de actividades ordinarias permanece practicamente constante, aumentando os ingresos de explotación un 9,6% e o VEB a custo de factores un 5%. En termos dos ingresos de explotación, en 1998 continúa a evolución descendente do VEB a custo de factores e do *cash-flow*, para situarse no 9,7% e no 1,2%, respectivamente.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.1.1.15.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 4,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 8.420,3 millóns de pesetas, un 67,2% inferior existente o ano anterior. O 95,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 43,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que decrecen un 3,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 28,6% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 4%, cun peso relativo do 13,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 325,4 miles de millóns de pesetas, un 7,4% superior ó valor de 1997, dos que 133,8 miles de millóns corresponden ó activo fixo

CADRO 4.1.1.17.

***Producción dos principais cultivos agrícolas 1997-98***

*(en Tm.)*

| | 1997 | 1998 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Trigo** | 50.287 | 97.064 | 12.000 | 16.744 | 18.764 | 1.024 |
| **Centeo** | 26.368 | 21.860 | 2.160 | 10.648 | 7.586 | 1.466 |
| **Feixón seco** | 6.937 | 4.676 | 2.650 | 172 | 850 | 1.004 |
| **Pataca** | 564.572 | 411.428 | 157.150 | 99.267 | 103.818 | 51.193 |
| **Feixón verde** | 15.935 | 15.342 | 970 | 932 | 2.310 | 11.130 |
| **Tomate** | 45.971 | 32.590 | 2.320 | 926 | 3.114 | 26.230 |
| **Leituga** | 128.891 | 21.464 | 2.690 | 2.566 | 1.720 | 14.488 |
| **Pradería polifita (1)** | 4.468 | 11.402 | 3.586 | 6.815 | 61 | 940 |
| **Uva vinificación** | 190.108 | 136.059 | 8.575 | 11.387 | 54.857 | 61.240 |

(1) datos en miles de Tm.
Fonte: *Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria*

neto (un 12,7% superior respecto ó ano anterior). Os 191,6 miles de millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 3,9% en relación a 1997.

No que á **análise económica e financeira** se refire, o **cadro 4.1.1.16.**, amosa que tódolos indicadores do nivel de actividade presentan uns valores inferiores ós existentes para o conxunto de empresas galegas consideradas. No subsector agro-gandeiro prodúcese en 1998 unha aceleración no crecemento dos ingresos, aumenta lixeiramente o peso relativo dos gastos de persoal e prodúcese unha reducción da carga financeira. Respecto ás rendibilidades e magnitudes asociadas, increméntanse as rendibilidades económica e financeira antes de impostos. A primeira por mor da evolución da marxe e da rotación, e a segunda pola mellora da rendibilidade económica e da reducción do custo da débeda.

***• A agricultura.-***

A **producción** dos principais cultivos en 1998 está recollida no **cadro 4.1.1.17.**, que amosa o papel destacado da producción da pataca en Galicia. A producción total de Galicia en 1998 foi de 441.428 toneladas, correspondendo un 38,2% da mesma á producción da provincia de A Coruña.

En segundo lugar atópase a producción da uva vinificación, que foi de 136.059 toneladas, sendo a provinica de Pontevedra o principal productor da mesma, con 61.240 toneladas (45%).

Atendendo ó **cadro 4.1.1.18.,** que recolle as **macromagnitudes agrarias** galegas en 1998, o valor monetario da producción total do subsector agrícola ascendeu a 138.571,7 millóns de pesetas, dos que un total de 79.390,6 millóns corresponderon ó reemprego no sector agrario.

A producción total de cultivos forraxeiros e pastos accidentais e praderías naturais, que representa un 51,3% da producción total agraria, está totalmente orientada ó reemprego no subsector agrario. No caso contrario están os outros tres grandes cultivos (tubérculos consumo humano, as hortalizas e o viño), con produccións orientadas claramente ó mercado. Nestes tres últimos grupos, a porcentaxe da producción total adicada ó reemprego é de 9,4%, 6,3%, e 2,6%, respectivamente.

No que atinxe á **contribución** do subsector á producción final agrícola, **cadro 4.1.1.19.**, a máis importante corresponde ó viño e subproductos, con 17.657,3 millóns de pesetas en 1998, que representa o 29,8% do total. Séguen-

CADRO 4.1.1.18.

